

CCOO ENSINO, ANPE, UGT SERVIZOS PÚBLICOS E CSIF ENSINO, ORGANIZACIÓNS ASINANTES DO ACORDO POLO QUE SE REGULA O ACCESO E AS CONDICIÓNNS DE TRABALLO DO PERSOAL DOCENTE INTERINO E SUBSTITUTO VEÑEN DE SOLICITAR UNHA XUNTANZA TANTO DA COMISIÓNN DE SEGUEMENTO DO ACORDO COMO CO PROPIO CONSELLEIRO PARA ORGANIZAR O PERSOAL DO VINDEIRO CURSO ESCOLAR

A situación do vindeiro curso con respecto á situación de pandemia e vacinación de menores non se coñece polo que **consideramos imprescindible a organización do próximo curso coa mesma dotación deste** respectando a distancia de 1,5 metros entre postos escolares.

É preciso para garantir a presencialidade segura en todas as etapas educativas, **respectar as medidas de seguridade e saúde**. Isto **require manter as contratacións** formalizadas como consecuencia da pandemia e aumentar o número de docentes nas etapas educativas de educación infantil e primaria.

En Galicia supuxeron arredor de **2600 as prazas** que se aumentaron neste curso escolar.



Máis alá de cumprir as medidas sanitarias e de seguridade, **reivindicamos a mellora na educación coa redución do número de alumnado por aula**.

- A ratio das aulas é un factor importante nos resultados das e dos escolares
- En igualdade de condicións, aumentar a ratio dunha aula danará os resultados do alumnado.

- A evidencia suxire que elevar o número de escolares na aula prexudicará non só a puntuación nas probas dos nenos e as nenas a curto prazo, senón tamén a súa formación a longo prazo.

- O diñeiro aforrado hoxe ao incrementar a ratio das clases terá custos sociais e educativos maiores no futuro.

As comunidades disporán de 10.000 millóns de euros dos fondos europeos de reconstrucción para o período 2021-2022 destinados preferentemente a sanidade, educación e políticas sociais aos que se suman 13.400 procedentes de facenda.

A propia Ministra anima ás comunidades a manter as distancias e o investimento no vindeiro curso escolar. Xa hai varias comunidades que anunciaron o mantemento e aumento das medidas covid, como son Navarra, Cantabria ou Baleares entre outras.

O beneficio que supón a baixada da ratio nunha clase é unha medida para garantir a equidade xa que é maior para as nenas e nenos de baixos ingresos e minorías sociais,

mentres que calquera aumento desta será, posiblemente, máis prexudicial nestas poboacións.

Asemade, é fundamental **prorrogar a contratación do resto de persoal de servizos complementarios** que se realizou este curso aumentándoo para afrontar todas as tarefas esenciais dos centros educativos; sen este persoal non se podería garantir o seu correcto funcionamento.

A campaña iniciada polas catro organizacións sindicais, contempla as seguintes accións:

- SOLICITUDE COMISIÓN DE SEGUEMENTO ACORDO ACCESO LISTAS INTERINIDADE
- CARTA AO CONSELLEIRO SOLICITANDO ENTREVISTA
- PETICIÓN DE APROBACIÓN DE RESOLUCIÓN NOS CLAUSTROS E CONSELLOS ESCOLARES
- RESOLUCIÓN DAS 4 XUNTAS DE PERSOAL PROVINCIAIS.



Foto do Sº de Organización de UGT Servizos Públicos, Felipe Balboa, na roda de prensa desta mañá.